

RESOLUCIÓN

Expediente.- 2026/EGFAB/000079

Antecedentes

1.- As Bases de Execución do Orzamento de 2026, no seu artigo 28.9, dispoñen:

“Excepcionalmente, e só para o presente exercicio, prevese a concesión das seguintes subvencións nominativas:

Partida	Beneficiario	Importe (€)	Finalidade/Obxecto
81.341.48901	Club Hércules XTRM	1.750,00	Contribuír ao custe de organización das travesías a nado Costa Oleiros. Aboarase o importe do gasto realmente xustificado, cun máximo de 1.750,00 €.

2.- En data 22/03/2026, 16/04/2026 e 19/04/2026 foi presentada polo Club Hércules XTRM unha solicitude de subvención nominativa para o desenvolvemento da Travesía Costa Oleiros, por importe de 1.750 euros (rexistros de entrada 2026005844, 2026007990 e 2026008253 respectivamente).

3.- En data 11/05/2026 foi ditada providencia da Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción económica ordenando que polo Técnico Municipal de Deportes se efectúe o informe-proposta para a concesión da subvención prevista nas BEO, por importe de 1.750,00 euros, no que se detallan as condicións da concesión.

4.- En data 26/05/2026 foi emitida proposta polo Técnico Municipal de Deportes relativa á concesión da subvención solicitada.

5.- A Responsable da Unidade Xurídica emitiu informe ao respecto en data 27/05/2026, e o 29/05/2026 o Interventor emitiu informe favorable.

Polo exposto, en exercicio das facultades que foron delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023,

RESOLVO:

1º.- Autorizar e dispor un gasto de 1.750,00 euros en concepto de subvención nominativa ao Club Hércules XTRM.

2º.- Conceder ao Club Hércules XTRM, con CIF. G70404967, con enderezo en Calle Juan Flórez núm. 8, 5º, 15.004 A Coruña, a cantidade de 1.750 euros, coa finalidade de contribuír ao custe de organización das travesías a nado Costa Oleiros.



3º.- De acordo co establecido no artigo 65.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as condicións da concesión serán as seguintes:

a) **Obxecto:** Organización das travesías a nado Costa Oleiros.

b) **Importe:** 1.750,00 euros

c) **Aplicación orzamentaria:** 81.341.48903. “Deportes. Prom. e fom. Outras transf. a entidades sen fin de lucro”.

d) **Compatibilidade:** Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

e) **Pagamento:** O pago da subvención efectuarase unha vez aprobada a xustificación.

f) Obrigas da entidade subvencionada:

- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.
- Publicidade: Facer constar na totalidade da publicidade que realice da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros. A estes efectos, deberá publicitar na súa páxina web e redes sociais a concesión da subvención, concepto e importe no momento no que o coñezan. Asemade, deberá incluír como elemento sinalizador na propia realización da proba, un cartel ou pancarta visible, co texto “Concello de Oleiros”, acompañada na mesma do logotipo municipal, e o seu coste correrá a conta da entidade beneficiaria.
- Presentar a conta xustificativa no prazo e do xeito que sinala no parágrafo seguinte.

h) Xustificación:

- O prazo de xustificación das axudas será de DOUS MESES contado a partir da data de realización da proba.
- A conta xustificativa constará dos seguintes documentos:
 - a. Memoria detallada da realización da actividade.
 - b. Declaración responsable do Presidente de que os fondos percibidos foron destinados ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e de que o importe da axuda non excede de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.
 - c. Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
 - d. Acreditación da publicidade feita.- enlace aos anuncios publicados na web e redes sociais onde conste a publicidade e fotografías do evento onde se vexan os elementos publicitarios esixidos.





- e. Facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados e o xustificante de telos aboados.
- f. No caso de que as subvencións concedidas por outras Administracións xa estean xustificadas, a Entidade poderá aportar -en troques das facturas coas que se xustificaran as ditas subvencións- unha certificación da Deputación de que dita xustificación está aprobada, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados, así como o período ao que se refiren os gastos.

4º.- Notificar o contido do presente acordo ao Club Hércules XTRM.

5º.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Quinta Tenente de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción económica, e o Secretario, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

